

Chip, chip

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

O meu pai mercoume un televisor fai moitos anos. E fun feliz ollando «Bonanza» e o «Rintintín». A miña nai emocionábase con «Reina por un día».

—Ouh, neno, ora a ver se aparecen na televisión os teus curmaus de Buenos Aires —decíame.

Nunca apareceron. «É inxusto —dixen eu— todos aparecen e a miña familia non». Consideréi que eu viña dunha caste pouco afortunada e tomei axiña a resignación necesaria.

Pasaron os anos e hoxe sigo pasmado diante da pantalla. Enriba do moble hai un floreiro sin sorte, porque as escasas rosas e caraveis que alí chegan murchecen de contado. Será coa calor. A verdade é que tan axiña como chego da rúa séntome na cadeira e regalo os ollos cara os sucesivos canais. Chip, chip, chip, chip,... Primeira, segunda, galega, cinco, tres... Vexo e miro, ou miro e non vexo. Pero aquí estou. De cando en vez durmo; e xa pasaron os programas do meu interés. Que mágoa. Entón voume deitar. Como xa durmín antes, agora soño. E nada sei o que pasou en Bos Aires, nin cos meus curmaus nin cos outros.

Na mañá, a xente vai e vén. Ah, ah, ah, ah. Non se espantan nin saúdan. Ansean. ¿Que ansearán? Levan luces diversas nos seus ollos, como se fixeran vela torio en moitas horas sen durmir; e sen soñar. Non aprenderon, coma min, que a televisión que non te dume, lévate polos camiños do mal.

**«A memoria involuntaria» de Proust**

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

PARÉCENOS que a obra de Marcel Proust foise afirmando ata hoxe, brindándolle esa «in mortalidade mortal» que andou a precurar o autor. Home de saúde crebadiza, hipersensible, observador agudo, prodixio de vontade, sentiu como poucos a necesidade de perdurar.

Como despois Matraux, concebiu unha saída para o home, esa figura feble, traballada, esleida polo ácido do tempo. Frente a esta comprobación, atopou un xeito de se opór: A memoria, depósito onde todo está rexistrado, e ao que é posible acudir á precura do resgate.

Pero como a memoria tamén se gasta e nos traiciona, Proust atopou o recurso da «memoria involuntaria». Algo que, de súpito, se suscita diante dunha sensación. Un dato brindado pola realidade, sen o designio expreso de o achar.

Foi tal a base de «Na precura

do tempo perdido». Algo que, raramente, souperon descobrir os seus primeiros críticos. Desde aquel amuxado Paul Soudy, que protestaba contra o párrafo extenso e os bambaneos farragosos de «Do lado de Swann», ata o arrepentido André Gide. Resulta curioso como, co tempo, este tipo de rectificacións foi unha actitude reiterada frente á obra de Proust.

Incomprensión

Na mesma incomprensión incurriu de primeiras Ortega Gasset, cando a chamou «novela paralítica». Nem bargante, logo desdecírase, ponderárona desde as páginas de «El espectador». Marcel Proust tivo razón ao acusar recibo de tales rexeitamentos, e da lixeireza coa que se lle achacou a falla de armazón coerente nos seus libros. Algo que xuzgou «tarda censura que se me fai no tocante a que me

falta construción nuns libros dos que podo probar que o seu só merecemento é a solidez das súas menores partes».

Quizais esa obra inmensa necesita unha introducción para os lectores apegados á idea de que a novela é unha sucesión de episodios de tensión crecente e interés continuado. Esa novela «rollo chino» da que fala Cortázar. Na actualidade, cando algúns experimentos narrativos nos desconcertaron ata o límite, as novelas monumentais de «Na precura do tempo perdido», teñen un fondo significado. Aparecen como un prodixio de maestría no plan, nos recursos. De sotileza na análise, de grandeza no tema, que é a eterna loita do home, suspendido entre a morte e o anejo de inmortalidade.

Erros e enganos

Nunha versión en castelán de Julio Gómez de la Serna, que vimos agora de ler, figuram os dous primeiros libros: «Hacia el lado de la quinta de Swann», —¿por que non a traducción exacta, «Del lado de Swann»?— e «A la sombra de las muchachas en flor». Dúas extensas novelas estas que, fóra do contexto total, permiten apreciar o xenio do creador. Mais non, definitivamente, a grandeza da súa concepción. Quizais nesa circunstancia deben precurarse os erros e enganos daqueles críticos que repararon más no detalle que no todo.

A primeira é, como se sabe, a novela da infancia de Proust: O mundo da nai e da aboa, a quem adoraba. Os muros familiares de Cambrai. O amor-creación de Swann por Odette. O namoramento de Marcel por Gilberta. A segunda é a novela da adolescencia: Os primeiros asomos en Balbec. A mocedad finisecular. A dozura aberta deses pasos ánta sen nubes...

La cosmética del PCE

FEDERICO ABASCAL

JULIO Anguita es ese salmista cordobés que negó tres veces su palabra antes de aceptar, va para cinco años, la secretaría general del PC. Tres veces dijo que no aceptaría el cargo al iniciarse aquel congreso abierto para resolver una situación de orfandad, relegado ya Carrillo a categoría de ex. Entonces el Partido Comunista era sólo PCE. Muy atrás quedaba la Junta Democrática, ideada por Carrillo para que el PCE pudiera actuar en sociedad al amparo de personalidades independientes, desde el opusdeísta Calvo Seresal al notario radical García Trevijano, pasando por el aristócrata Vilallonga o el periodista Tristán La Rosa, anclado en la alta burguesía catalana. Y el invento dio resultado. Muchos ciudadanos nada sospechosos avalaban al comunismo en su asfixiante clan-destinidad.

Al volatilizarse los PCs de la Europa del Este, Anguita se resistió tenazmente a cualquier refundación. Y regresó a la estrategia de maquillaje social, arropando sus siglas en una coalición

improvisada sobre personalidades descolgadas, como dos expulsados del PSOE, Alonso Puerta y Pablo Castellano, comunistas críticos como Cristina Almeida o comunistas clarividentes como Nicolás Sartorius. Nació Izquierda Unida. Las tribulaciones del PSOE, la inconsistencia de los grupitos verdes y la astenia del CDS prometían una explosión de votos el 6-J. Anguita ha revelado que en IU la esencia es el PCE y que la discrepancia merece un castigo staliniano. Sartorius, Castellano y Almeida lo han recibido, aunque, desencantados, anuncian que seguirán luchando. La noticia es mala para la izquierda y buena para el PSOE, que mantiene abierta su puerta por si alguien no halla cobijo en IU. IU se revela como el escaparate salpicado de estrellas ajenas en el que se vende el producto de siempre. Y parte del electorado se siente defraudada. Una cosa es votar un proyecto plural y progresista, y otra, vota al salmista cordobés que impone la disciplina comunista a cualquier independencia de criterio.

Outro espello

XESÚS FERRO RUIBAL

COMO imos saber se subimos ou baixámola mítica esqueira, se ser galegos é ser un bonsai, que non medra porque periodicamente nos cortan as raíces e padecemos crise económica conxénita, pero se tamén é disfrutar de paisaxe prodigiosa, Compostela celestial, marisco incomparable, Rosalía e Seoane, Milladoiro e Sargadelos?

Milladoiro, coma tal, simboliza unha Galicia rigorosa no traballo e fiel ás raíces culturais e, por iso, homologada internacionalmente. Políticos, urbanistas e comunicadores ainda non comprenderon que esa é a razón do éxito internacional de Rosalía, Seoane, Milladoiro e Sargadelos. Milladoiro tivo alumnos, que ainda non o deron superado, porque descuidaron un dos dous pares do éxito.

Con Milladoiro pasou na música folk coma coa *Ilíada* e a *Odisea* de Homero: foi pionero e foi a perfección.

Pero era irreal que non dese aparecido a competencia. Por fin apareceu con *Matto Congrio*. Quizás é ainda menos conxunto pero as diferencias son máis de concepto que de nivel: Milladoiro é máis fiel á música tradicional, repite da mesma maneira a frase. *Matto Congrio* ten un pé en Galicia e outro en Irlanda, innova en cada frase, aventurese por outros estilos. Anotemos que o virtuosismo e a creatividade de Carlos Núñez converteron a gaita galega en instrumento electrizante das masas. Masas de 15 a 45 anos, galegalantes e, sen despreciar a ninguén, elegantes. Deixemos constancia de que este público existe e de que *Matto Congrio* dálle a sensación de ser un pobo en pé, non xenófobo pero sabedor de que vigoriza-las raíces é encher de vida o futuro.

Non sei por que me vén a idea, e non podo non contalo, o caso de Beethoven que, sendo moi noviño pediu tocar para Mozart improvisando. Fíxoo ben e Mozart felicitouno pero deixou caer que non lle parecía que aquilo fose improvisación. Beethoven pediu que lle dixese el unha frase e que improvisaría igual sobre ela. Fíxoo e foi tal o asombro de Mozart que dixo: ¡Ollo a este neno que ha facer que o mundo fale del! Pois iso supón eu que di Milladoiro de *Matto Congrio*.